

## **POLÍTICA DE CALIDADE**

O Departamento de Formación da Confederación de Empresarios de LUGO (CEL) ten por obxecto contribuir a mellorar a cualificación profesional de empresarios, directivos e traballadores da provincia de Lugo. Igualmente, busca a mellora da cualificación profesional das persoas en situación de desemprego, facilitando a súa incorporación ao mundo laboral e, por tanto, a diminución das taxas de desemprego na provincia de Lugo. Con este obxecto, o Departamento de Formación da CEL xestiona e desenvolve tanto plans de formación continua, dirixidos ás empresas e ó seu persoal, como de formación para persoas en situación de desemprego.

Con este obxecto como base, dende o Departamento de Formación da CEL adquirimos o compromiso de identificar e satisfacer tanto os requisitos dos nosos usuarios como os normativos asociados ás nosas actividades. Ao mesmo tempo, obríganos a impulsar o **compromiso coa mellora continua** a todos os niveis da organización.

Estos compromisos definidos tradúcense en obxectivos concretos e cuantificables tratados de forma específica dacordo co que se describe na nosa Política.


A Dirección, co fin de velar pola idoneidade e calidade da formación, e consciente da importancia que a calidade e a satisfacción dos usuarios teñen na nosa prestación do servizo, obríganos a interesarnos polos procesos internos da nosa organización para procurar unha mellora significativa dos mesmos a través de:

- Consegur a plena satisfacción dos alumnos, os docentes, así como de todas as partes interesadas internas e externas da nosa actividade.
- O compromiso de realizar este servizo dacordo aos requisitos definidos polas administracións competentes e adaptándonos ás necesidades dos nosos alumnos para poderlles ofrecer un servizo dacordo ás súas perspectivas.
- Desenvolver actividades en consonancia coas necesidades dos grupos de interese, tendo en conta as perspectivas da nosa organización.
- Manter un alto nivel de innovación e axeitándonos ás novas necesidades en materias formativas, no marco dun sistema permanente de mellora continua.
- Cumplir con todos os requisitos legais e reglamentarios vixentes, aplicados a todas as actividades de formación.
- Fomentar a participación e o respecto mutuo entre os seus empregados, o trato personalizado aos usuarios e o compromiso e a máxima motivación dos seus colaboradores.

A Dirección aproba e respalda esta Política, que fai pública entre todo o seu persoal, asegurando a súa difusión e comprensión en todos os ámbitos da Organización.

Realizará de forma permanente a avaliación da eficacia do anteriormente exposto, garantindo, cando sexa necesario, a evolución e mellora do noso Sistema de Xestión de Calidade.

En Lugo a 29 de xaneiro de 2018



Fdo. Jaime Luis López Vázquez  
Secretario Xeral